UNIDADE 7. RESUMO

Recorda

- *Hai dous tipos de temas en -ι e en -υ: con alternancia e sen alternancia. Cando o -υ dos temas en vogal ou ditongo vai entre vogais, funciona como unha semiconsonante (ϝ) e pérdese, provocando contraccións. O mesmo ocorre co -ι.*

- *Nalgúns adxectivos úsanse temas da 3ª declinación para o masculino e o neutro e temas da 1ª para o feminino. Estes poden ser dos tipos xa coñecidos, en eta, en alfa puro ou alternantes. En πολύς e en μέγας mestúranse no masculino formas da segunda declinación con outras da terceira.*

- *Na clasificación das oracións simples combínanse diversos criterios:*
  a) enunciativas, interrogativas, dubitativas, exhortativas ou desiderativas
  b) afirmativas ou negativas
  c) reais, posibles ou irreais.

- *Os tres grandes tráxicos gregos son Esquilo, Sófocles e Eurípides.*

- *Atenas pasou da monarquía á oligarquía, e logo á democracia, grazas ás reformas de Solón, Clístenes, Efialtes e Pericles.*
- *As súas institucións eran: o Arcontado, a Asemblea, o Consello, o Areópago e a Heliea.*
- *Esparta pasou da monarquía a unha diarquía.*
- *As súas institucións eran os cinco éforos, a Xerusía e a Asemblea popular.*